

BASES XERAIS E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CON CONCELLO DE SILLEDA.

1ª.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é dispoñer dun sistema rápido, áxil e que cumpra os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e establecer o procedemento de selección para contratación laboral temporal dunha persoa que realice as tarefas de información na oficina de turismo do Concello de Silleda.

Duración do contrato: 5 meses. Do 1 de xullo ata o 30 de novembro de 2020

Tipo de contrato: Contrato de traballo de duración determinada.

Xornada laboral: Xornada Completa, de martes a domingo.

Retribucións: 1.687,39 € euros brutos mensuais que inclúe o rateo de pagas extras.

A presente convocatoria publicárase íntegra na páxina web do Concello de Silleda (www.silleda.gal), no Taboleiro de Anuncios do Concello, e un extracto da mesma nun diario de máxima difusión.

2ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Para optar ás prazas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser Español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea, ou nacional dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de Ciclo Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas, que se deberá acreditar mediante documentación oficial

- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas. Acreditarase mediante declaración xurada (ver Anexo II)
- e) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración xurada (Anexo II).
- f) Non estar incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración xurada.
- g) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1 e dispor de vehículo. Isto último acreditarase mediante declaración xurada.

Todos os requisitos anteriores deberán posuílos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo de presentación das solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

3ª.- PARTICIPACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

- a) Os/as que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, recollida no Anexo I, na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos das mesmas. Así mesmo acompañará aqueles documentos que se establecen como obrigatorios.
- b) O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria. A presentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Silleda, en horario de 9 a 14 horas en días laborais. Se o último coincidise en sábado, domingo ou festivo prorrogarase ao día seguinte hábil.

4ª.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

- a) Solicitud de participación.
- b) Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- c) Fotocopia compulsada da titulación esixida, ou no seu defecto, xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición desta.
- d) Fotocopia do carné de conducir.
- e) Certificados correspondentes aos méritos alegados , no seu caso.
- f) Declaracións xuradas ás que se refire o apartado 2 das presentes bases.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión, elevándose á definitiva a lista provisoria de admitidos de non existir excluídos e outorgarase un día hábil aos excluídos para que no seu caso presenten alegacións. Trala lista provisoria elevada a definitiva ou a lista definitiva de admitidos, procederase a determinar o día e hora en que se reunirá o Tribunal cualificador para valoración dos méritos dos aspirantes admitidos e citarase aos aspirantes para a entrevista persoal. (Esta citación non será persoal, publicarase no taboleiro de anuncios do concello).

5ª.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. Composición do Tribunal:

Presidente/a
1ºVogal
2º Vogal
Secretario/a

Fixarase no Taboleiro de Edictos do Concello a lista de admitidos, o día e hora en que teñan lugar as probas, listaxe de puntuacións, así como calquera tipo de comunicación relacionada co proceso de selección.

2.- Abstención e recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando



concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándollo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

3.- Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros . En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria. O Tribunal valorará en primeiro lugar a entrevista persoal e unha vez valorada esta procederase á valoración do resto dos méritos presentados polos aspirantes.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

4. Vinculación das resolucións do Tribunal.

O presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e tendo en conta que o número de seleccionados non pode superar o de prazas convocadas.

De conformidade co Art. 60.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril , do Estatuto Básico do Empregado Público, co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, si se producise a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

6ª. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

O procedemento selectivo será a través de concurso- oposición.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non comparezan a realízalo, salvo os casos debidamente xustificados, que resolverá o tribunal.

Deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, e tamén cos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

A puntuación na fase de oposición será de 10 puntos por todos os conceptos, equivalentes ao 100% da puntuación total do proceso selectivo.

Fase oposición: Exame tipo test. Máximo 7 puntos. 70% da puntuación.

De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na realización dun exame teórico tipo test de 14 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que só unha poderá ser correcta. Só se puntuarán as respostas acertadas. Cualificarase cunha puntuación de 0 (cero) a 7 (sete) puntos, e será necesario para superalo obter unha puntuación mínima de 3 (tres) puntos.

As preguntas versarán sobre as seguintes materias:

Coñecemento dos recursos turísticos da Comarca de Deza e provincia de Pontevedra.

Coñecemento dos recursos turísticos do Concello de Silleda.

Fase de concurso: Méritos e Entrevista Persoal: Máximo 3 puntos. 30 % da Puntuación.

Méritos

Por estar en posesión de cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da

Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- a) De máis de 120 horas duración: 0,75 puntos + 0,30 por cada 30 horas adicionais ata un máximo de 2 puntos por curso.
- b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,75 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

Entrevista

As persoas candidatas serán convocadas para a entrevista persoal nun único chamamento, coa perda do dereito para aquelas que non comparezan no lugar e día sinalados.

A entrevista versará sobre o seu currículo, coñecemento de idiomas e obxectivos profesionais relacionados coas tarefas a desenvolver.

A entrevista valorarase de 0(cero) a 1(un) punto.

7ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS.

Á cualificación obtida polas persoas aspirantes será a resultante de sumar as puntuacións acadadas no exame, na entrevista e na valoración de méritos acadando así a puntuación final.

Determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a listaxe provisoria de persoas aprobadas no taboleiro de anuncios do Concello.

Concluído o proceso selectivo, o tribunal cualificador, elevará ao órgano competente a proposta de listaxe ordenada de maior a menor puntuación para a súa aprobación.

En caso de empate resolverase por sorteo.

A listaxe definitiva de contratación será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

8ª.- As presentes bases serán publicadas na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios do Concello e un extracto, nun dos diarios de máxima difusión de ámbito provincial.

9ª.-NORMATIVA DE APLICACIÓN

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público , na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións legais aplicables.

DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO I

Posto ao que opta:

D°. / D^a _____, con D.N.I. n° _____,
e domicilio a efectos de notificacións en _____
C.P. _____, teléfono de contacto EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda e desexa participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado ".....", con cargo ao Concello de Silleda e á Deputación de Pontevedra a través da rede Info Turismo Rías Baixas.

Para ese efecto faise constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda da convocatoria.
- Que coñece e acepta as bases da convocatoria
- Que aporta a seguinte documentación:
 - a) Solicitud de participación anexas ás Bases
 - b) Fotocopia compulsada do DNI
 - c) Fotocopia compulsada da titulación esixida, ou no seu defecto, xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición desta.
 - d) Fotocopia compulsada do carné de conducir.
 - e) Certificados correspondentes aos méritos alegados
 - f) Declaracións xuradas ás que se refire o apartado 2 das presentes bases.

SOLICITA:

Ser admitido/a a participar na presente convocatoria.

O/A abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitud e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

En Silleda, a ____ de ____ de 2020

Asdo. _____



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

D°. /Dª _____, con
D.N.I. nº _____, e domicilio a efectos de notificacións en

EXPÓN:

Que participa na convocatoria “Guía Turístico para o Mosteiro de Carboeiro” con cargo ao Concello de Silleda e a Deputación de Pontevedra, a través da Rede de Oficinas Info Rías Baixas, segundo resolución do BOP de Pontevedra do 26 de maio de 2020

Que por elo, e para poder formalizar o contrato de traballo,

DECLARO EXPRESAMENTE que:

1º.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

2º.- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao nomeamento de toma de posesión.

3º.- Que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función.

Silleda, a ____ de ____ de 2020



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

